

LAGARTO ARNAL

(*Lacerta lepida*)

Outros nomes galegos: Lagarto arnau, Lagarto ferreño (O Courel).

Castelán: Lagarto ocelado.

Portugués: Lagarto comum.

O Lagarto arnal é o lacértido máis grande de Europa, só superado en tamaño, dentro da súa familia, por algunas formas insulares xigantes de Canarias. Téñense rexistrado tallas máximas de 260 mm. de lonxitude de cabeza máis corpo e 200 gramos de peso nos machos, e 210 mm. e 190 gr. nas femias. As poboacións galegas presentan unha talla más modesta, aínda que moi variables, como se verá de seguido. As tallas máximas atopadas na nosa terra son de 189 mm. nos machos (LCC) e 166,5 mm. nas femias.

Moi fortes e robustos e coa cabeza grossa; as placas cefálicas dos individuos adultos, e moito más os vellos, son grosas e rugosas, coma unha casca de árbore. A cola é longa, medindo cando está intacta de unha vez e media a dúas veces a lonxitude da cabeza e mailo corpo xuntos.

A cor dorsal é verde, cun fino reticulado negro e unhas manchas redondas azuis orladas de negro (os característicos ocelos) ó longo das costas. O ventre é verdoso claro.

Dimorfismo. Os machos amosan un tamaño maior cás femias e teñen a cabeza moito más grande e robusta, sobre-saíndo os avultados músculos masetéricos. Pola contra, a cor e o deseño son similares, pero os ocelos dos machos son más grandes, numerosos e de cor azul más intensa. As causas do dimorfismo no tamaño da cabeza, segundo Castilla (1989), poderían deberse á selección sexual, xa que os machos, moi agresivos, combaten entre eles coas mandíbu-

las e un tamaño grande e unha cabeza robusta serían unha vantaxe á hora de loitar polas femias ou pola defensa do territorio.

Distribución. Presente en case toda Galicia, faltando no extremo norte e nas comarcas más frías do interior. Especialmente abondoso na metade sur e na franxa costeira atlántica, como corresponde a unha especie termófila. Ocupa as illas más grandes das Rías Baixas, como Sálvora, Ons e Cíes. Nas serras non acada moita altitude: 600 m. en Ancares e 1.200 m. en Trevinca.

Variación. Tódolos lagartos arnais ibéricos pertencen a unha única especie, *Lacerta lepida*. No norte de África atópase outra moi emparentada, *Lacerta pater*, Lataste, 1880, considerada ata hai pouco como unha subespecie de *L. lepida*.

Recentemente Mateo (1988) fixo unha revisión sistemática dos lagartos arnais, recoñecendo 4 subespecies das que 3 se atopan en Galicia:

Lacerta lepida lepida Daudin, 1802: ocupa toda a Península (chegando, polo sur de Francia ata o noroeste de Italia) excepto a franxa litoral Cantábrica e as áreas das outras subespecies. En Galicia ocuparía as zonas do interior: Lugo e Ourense. Tamaño grande.

Lacerta lepida iberica (Seoane, 1884): variedade exclusiva da costa occidental de Galicia, ocupando as provincias da Coruña, Pontevedra e parte de Ourense. É moi probable que se estenda polo norte de Portugal. Caracterízase polo seu pequeno tamaño, sendo estes os lagartos arnais más pequenos: machos 117 a 178 mm. de lonxitude de cabeza e máis corpo, femias 126 a 159 mm. Tamén a súa cor e deseño son característicos, así como outros caracteres da dentición, biometría e folidosis.

Lacerta lepida oteroii (Castroviejo et al. en Mateo, 1988): localízase exclusivamente na illa de Sálvora (Ría de Arousa, A Coruña). O seu tamaño é claramente maior que

L. l. iberica, pero menor que *L. l. lepida*. Posúe tamén características propias de deseño e dentición.

Hábitat. Pode vivir nunha variedade moi grande de medios, desde dunas areosas costeiras ata ladeiras rochosas nas serras, pasando por claros nas fragas, cultivos, cantís mariños, etc.

Ten, nembargante, unha clara preferencia por áreas termófilas abrigadas (costas, vales, ladeiras de solaina) con rochas ou grandes pedras baixo as que busca refuxio, ou ben mato de toxo (*Ulex*) ou silvas (*Rubus*). Segundo as nosas propias observacións esta especie vese favorecida polos incendios, xa que a destrucción da cobertura vexetal e a erosión do solo crea uns medios más secos e más abertos que o favorecen especialmente. Pode acadar elevadas densidades en montes moi castigados polo lume e a erosión, como comprobamos no Coto de Bregua (Culleredo), Montes de Loureda (Arteixo), Monte Louro e outras localidades da Coruña.

Actividade. Segundo a zona e a climatoloxía do ano, pode estar activo entre marzo e outubro, refuxiándose no máis fondo das súas galerías ou baixo grandes pedras entre novembro e febreiro. Ocasionalmente pódense ver individuos fóra nos días máis soleados do inverno.

En marzo e en outubro vense poucos individuos, que soen ser subadultos ou xuvenís. En abril, maio e xuño a actividade dos adultos é máxima.

A actividade diaria na primavera (marzo e abril) e máis no outono (setembro e outubro) comeza ás 10-11 horas, rematando entre as 16 e as 19 horas. No verán o período de actividade é máis longo, desde as 8 ata as 21,30 horas (xuño).

Reproducción. Nas zonas costeiras da nosa terra o período de celo comeza a principios de abril. Nesta época os lagartos arnais teñen unha coración moi rechamante, intensificándose os tons verdes do dorso e os azuis dos ocelos. Moi

agresivos e territoriais os machos adultos, co celo acentúase este comportamento podéndose observar rabiosas persecucións, probablemente de individuos que invadían o territorio de outros, exhibicións de conducta "impresionante" como púxiles que se tantean e tamén ferozes e espectaculares combates nos que se trincan coas mandíbulas, ás veces duras coma tenaces (non é agradable a mordedela do arnal, dicímolo por experiencia).

Nos apareamientos, tamén moi espectaculares, o macho morde á femia nas costas do ventre (zona inguinal preferentemente) e curva o seu corpo para introducir un dos seus dous hemipenes. Prodúcense as cópulas entre abril e xuño, xeralmente ó sol, no chan e próximos a refuxios de rochas ou vexetación. En catividade dura a cópula entre 5 e 15 minutos.

A postura dos ovos ten lugar, nun único período de posta anual, en xuño e xullo. Todo o ciclo reproductivo desta especie está retrasado nas comarcas do interior con respecto á costa, así a primeira femia cos ovos nos oviductos atopouse na costa galega o 3 de xuño, mentres que en Lugo non foi ata o 26 do mesmo mes (Castilla, 1989).

Os ovos son depositados pola femia baixo pedras ou en galerías a uns 15 cms. de profundidade. O seu número oscila entre 6 e 22, poñendo menor cantidade as pequenas femias da subespecie *iberica* da costa (media 10,0 ovos) cás maiores *levida* do interior (media de Lugo, 13,9 ovos), xa que o tamaño da postura está relacionado co da femia.

As dimensións medias dos ovos son de 20,1 x 16,3 recén postos e 26,1 x 21,0 antes da eclosión. O tempo de incubación oscila entre 69 e 107 días (66-88 días a 25-30° C), eclosionando os xuvenís desde primeiros de setembro ata finais de outubro.

Xuvenís. Miden ó nacer 39,5 a 45,6 mm. (media de 42,8 mm.) de cabeza e mais corpo. Teñen un característico deseño de ocelos brancos por todo o corpo. A cor de fondo, parda nos primeiros días, pasa logo a olivácea ou averdeada.

Nada máis nacer alónxanse rapidamente do niño para evitar o risco de depredación.

Crecemento. Castilla (1989), mediante métodos de esqueletocronoloxía, obtivo os seguintes valores medios de talla. Machos, 1 ano: 69,6 mm. de lonxitude de cabeza máis corpo, 2 anos: 94,7 mm., 3 anos: 139,8 mm., 4 anos: 160,1 mm., 5 anos: 194,7 mm. Femias, 1 ano: 66,6 mm., 2 anos: 97,7 mm., 3 anos: 146,1 mm., 4 anos: 160,5 mm., 5 anos: 176,6 mm. A partir de maiores idades dábase un solapamento moi grande de tallas, polo que os individuos máis vellos non son necesariamente os máis grandes.

A madurez sexual pode acadarse entre os dous anos e medio e os tres anos e medio de idade. A menor femia sexualmente madura examinada por Castilla (op. cit.) media 122 mm. e tiña dous anos e sete meses, e o menor macho 134,5 mm. con dous anos e once meses. Mateo (1988) indica que tódalas subespecies de *L. lepida*, excepto *L. l. iberica* da costa galega, alcanzan a talla reproductora despois da terceira hibernación; estes últimos, pola contra, despois da segunda.

Adquirida a madurez sexual, o crecemento diminúe lentamente. Este proceso é máis acentuado nas femias que nos machos, polo que elas acadan tallas menores.

Lonxevidade. Tamén por métodos de esqueletocronoloxía obtívose unha lonxevidade ecolólica mínima de 11 anos nos machos e 10 anos nas femias, predominando na poboación estudiada exemplares entre 1 e 4 anos (Castilla, 1989).

A idade máxima coñecida en catividade é de 17 anos.

Alimentación. Trátase dunha especie xeneralista e oportunista, consumindo unha ampla variedade de presas. As más frecuentes son os coleópteros (ata 18 familias consumidas) seguidas, na nosa terra, de himenópteros e caracois terrestres. Come tamén vertebrados como lagartixas, peque-

nos ratos, etc., áínda que moi esporadicamente. Nas illas galegas citáronse mesmo lorchos (*Blennius spp.*), Mateo (1988).

Nun estudio inédito feito por nós e baseado na análise de 554 presas inxeridas por esta especie na bisbarra da Coruña, atopamos como grupos máis frecuentemente consumidos os seguintes: coleópteros (37,9%), himenópteros (29,8%), caracois terrestres (15,7%) e ortópteros (8,5%).

Acusárona de depredar especies de interese cinexético pero, despois de detallados estudos, comprobouse que só incide minimamente: só nun coto de caza de Ciudad Real, superpoboad de perdices (*Alectoris rufa*), atopouse consumindo ovos desta especie. En Galicia, con individuos de menor tamaño, non se ten ningunha evidencia disto.

A materia vexetal, especialmente os froitos, pode constituír unha parte importante da súa dieta en determinadas épocas do ano, ata a terceira categoría de presas en orde de importancia nunha poboación asturiana, segundo estudios de Braña (1984), na que comía froitos de rosáceas. Nós comprobamos un importante consumo de amoras (*Rubus spp.*) e de uvas (*Vitis*) durante o outono nunha poboación da Coruña.

O seu comportamento de caza principal é de buscador activo.

Depredadores. Por mor do seu grande tamaño atrae a atención de numerosos depredadores. Na illa de Onza, encontramos moitísimos restos del nun niño de miñato (*Buteo buteo*). Os xuvenís son cazados por cóbregas lagarteiras (*Coronella spp.*) e incluso por adultos da súa misma especie (unha observación no Monte de San Pedro, A Coruña , en 1978).

O costume de consumir estes lagartos por parte do home, moi espallada en certas rexións de España como Extremadura, parece que non se dá na nosa terra.

Demografía. A densidade da especie, por mor tamén da súa gran talla, é inferior á das pequenas (lagartixas). Obtívéreronse estimas moi diversas en diferentes lugares da Península que van dende 1 a 58 individuos por hectárea. As densidades máis elevadas corresponden a hábitats de mato.

A área de extensión dos seus dominios vitais oscilou, nun estudio de Castilla (op. cit.), entre 4 e 708 m² nos machos (media de 167 m²) e entre 3 e 254 m² nas femias (media de 71 m²).

O sex-ratio das poboacións estudiadas aproxímase a 1:1.

Comportamento. O parecer, é bastante complexo e ainda mal coñecido. Como xa indicamos, trátase dunha especie moi agresiva e territorial. A territorialidade comprobouse mediante a observación dun mesmo exemplar moito tempo seguido (ata 3- 4 anos, Castilla, 1989). Esta non é exclusiva dos adultos, amosándose tamén os subadultos.

Dentro do seu territorio, que cada individuo coñece topograficamente á perfección, existen varios refuxios ou “furaz”, sendo un deles utilizado con preferencia.

No comportamento do cortexo falta a conducta de “patejar” na femia.

Estatus en Galicia. Non é raro e pode considerarse moi abondoso nalgunhas localidades, especialmente nas áreas costeiras más enxoitas e abrigadas, certas illas e comarcas de Ourense. Moito más raro cara ó extremo norte.



▲ Lagarto arnal (*Lacerta lepida lepida*). Macho adulto. Portomarín (Lugo).

▼ Lagarto arnal (*L. lepida iberica*). Macho adulto. Lariño, Carnota (A Coruña).



► Lagarto arnal (*L. lepida*). Subadulto. Culleredo (A Coruña).



▼ Lagarto arnal (*L. lepida*). Femia adulta. Illa de Ons (Pontevedra).



▼ Lagarto arnal (*L. lepida*). Xuvenil. Vilaboa (A Coruña).

